

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Instituto Galego da Vivenda e Solo
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: U.8.Q/21547/17

Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Sra. conselleira:

Iniciamos este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, como consecuencia de ter coñecemento, da situación na que se atopa dona ██████████ veciña da Rúa ████████ de Santa Cristina (Oleiros), inmersa en procedemento de execución hipotecaria da vivenda que constitúe a súa residencia habitual.

Segundo puidemos saber, ██████████, de ██████ anos de idade, ven de ser ingresada por mor dunha intervención cirúrxica e atravesa unha situación crítica en termos económicos o que propicia que o seu caso sexa complexo e precise singular atención.

Neste contexto, incoamos queixa de oficio, e promovemos a oportuna investigación sumaria e informal, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do ámbito das competencias que nos son propias.

Así mesmo, nesta mesma data, tamén solicitamos información ao Concello de Oleiros, a fin de que coñecer as actuacións practicadas e previstas para mitigar a problemática que afecta ██████████, usuaria de diferentes servizos municipais.

En consecuencia, requirimos desa consellería, que tan pronto como sexa posible, ou en todo caso no prazo de 15 días, nos facilite información sobre a problemática exposta, que motiva a intervención desta institución na presente queixa.

Agradézolle por adiantado a súa colaboración e a remisión do preceptivo informe.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sr. alcalde-presidente do Concello de Oleiros
Praza de Galicia, 1
15173 Oleiros (A Coruña)



Santiago de Compostela, 22 de xuño de 2017

Sr. alcalde:

Iniciamos este expediente de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, como consecuencia de ter coñecemento, da situación na que se atopa [REDACTED], veciña da Rúa [REDACTED] de Santa Cristina (Oleiros), inmersa en procedemento de execución hipotecaria da vivenda que constitúe a súa residencia habitual.

Segundo puidemos saber, [REDACTED], de [REDACTED] anos de idade, ven de ser ingresada por mor dunha intervención cirúrxica e atravesa unha situación crítica en termos económicos o que propicia que o seu caso sexa complexo e precise singular atención.

Neste contexto, incoamos queixa de oficio, e promovemos a oportuna investigación sumaria e informal, para o esclarecemento dos supostos en que se basea e para os efectos do ámbito das competencias que nos son propias.

Así mesmo, nesta mesma data, tamén solicitamos información á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, no marco do acordo de colaboración asinado entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Valedor do Pobo, para o intercambio de información en relación coas persoas afectadas por procedementos de execucións hipotecarias e desafiuzamentos por falta de pagamento de rendas, asinado o 6 de setembro de 2016.

En consecuencia, requirimos dese Concello, que tan pronto como sexa posible, ou en todo caso no prazo de 15 días, nos facilite información sobre a problemática exposta, que motiva a intervención desta institución na presente queixa, e en concreto sobre as diferentes actuacións practicadas ou previstas a fin de mitigar a situación que está a padecer [REDACTED] [REDACTED]

■■■■■, así como sobre as demais circunstancias que concorran e sexan relevantes para a completa valoración do obxecto da mesma.

Agradézolle por adiantado a súa colaboración e a remisión do preceptivo informe.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda
Instituto Galego da Vivenda e Solo
Edificio Administrativo San Caetano
15704 – SANTIAGO DE COMPOSTELA

Expediente: U.8.Q/21547/17

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2017

Sra. conselleira:

En data 22 dos correntes solicitamos de Vde, informe sobre o expediente arriba indicado, iniciado de oficio, en aplicación do disposto no artigo 16 da Lei 6/1984, de 5 de xuño do Valedor do Pobo, como consecuencia de ter coñecemento, da situación na que se atopa dona [REDACTED] veciña da Rúa [REDACTED] de Santa Cristina (Oleiros), inmersa en procedemento de execución hipotecaria da vivenda que constitúe a súa residencia habitual.

Así mesmo, nesa mesma data solicitábase informe ao Concello de Oleiros, e por parte desta entidade local, o 23 dos correntes nos remite un informe, que llo trasladamos para o seu coñecemento e efectos oportunos indicándose no mesmo o seguinte:

-COMPOSICIÓN E HISTORIA FAMILIAR

“A usuaria, de 52 anos, con nacionalidade española, está divorciada e convive coa súa filla, [REDACTED] de 19 anos de idade. As relacións entre nai e filla non son boas, sendo bastante conflitivas, durante o curso escolar a filla, pola semana, vivía interna [REDACTED], polo que a convivencia reducíase aos fins de semana e períodos vacacionais, sendo neses momentos cando mais xorden os conflitos.

Ten outro fillo maior, [REDACTED], que vive de forma independente e que carece de medios económicos. A relación co seu fillo é cordial pero na distancia, non é moi estreita, polo que non conta co seu apoio.

A interesada, está divorciada do pai dos seus fillos dende hai mais de 15 anos. A relación co se ex cónxuxe é moi conflictiva existindo diferentes denuncias [REDACTED]

A súa filla dende os 9 aos 16 anos de idade conviviu co seu pai e despois trasladouse vivir ca súa nai. Segundo manifestacións da interesada, o pai da súa filla nunca colaborou na manutención da filla dende o tempo que este reside coa nai nin tampouco asumiu o pago da pensión compensatoria que este ten que asumir por sentenza xudicial. A interesada a través do seu avogado solicitou o impago das cantidades que este ten que asumir polo menos dende fai 5 anos.

A versión dos feitos por parte do pai da menor son totalmente distintos e contraditorios, manifestando estar canso de denuncias falsas e de continuos conflitos e enfrontamentos.

-SITUACIÓN ECONÓMICA E LABORAL

A interesada está inscrita como demandante de emprego no INEM e non ten dereito a percibir ningunha prestación nin subsidio por esta situación. É perceptora da prestación de RISGA dende o pasado mes de decembro de 2015 nunha contía mensual de 473,93€.

A interesada manifesta que traballou moitos anos, aínda que na súa vida laboral se reflicta menos tempo. Ela ten experiencia laboral no sector da hostalaría, servizo doméstico e auxiliar a domicilio. Ten estudos básicos pero manifesta que traballou ao longo dos anos en diversas empresas e sectores laborais, sen embargo non sempre estivo asegurada. Non se lle coñece nos últimos anos ningunha actividade laboral.

Ao largo destes anos a interesada foi apoiada puntualmente con prestacións de emerxencia social do Concello de Oleiros.

-DATOS DA VIVENDA

A interesada reside nun cuarto piso, en réxime de propiedade (dela e do seu ex cónxuxe) sobre o que existe un procedemento de desafuzamento por impago da hipoteca.

En todo este proceso a interesada nunca foi asesorada por estes servizos sociais nin os recursos que hai para este tipo de situacións dende o Consorcio As Mariñas, senón que todas as actuacións as levou a cabo a través da Asociación STOP DESAHUCIOS.

Polas reunións mantidas con persoas desta asociación o pasado 15/11/2016 sacaron a vivenda a subasta pública pero foi paralizada a través duns recursos presentados pola asociación, aínda que na actualidade parece ser que hai terceiras persoas que asumiron a cesións das cargas hipotecarias e están interesadas en comprar o inmovible, polo que, aínda que non está fixada, a data de lanzamento para que a interesada abandone a vivenda familiar pode ser inminente.

A vivenda a día de hoxe dispón do mobiliario mínimo e carece de subministros básicos (ten a auga e a luz cortada) polo que a usuaria vese na abrigo de subir auga en botellas.

A través do Concello de Oleiros realizáronse algúns arranxos na vivenda para tentar resolver problemas de fontanería de tubarías rotas, sen embargo non se puido resolver o problema xa que a vivenda ten un importante deterioro nos tuberías e se producen filtracións á vivenda de abaixo.

A vivenda non se atopa na actualidade en condicións de habitabilidade dado que non dispón dos subministros máis básicos nin de mobiliario necesario.

A vivenda encóntrase situada na parroquia de Perillo, nunha zona urbana, con boas comunicacións por transporte público. Dispón dos recursos e equipamentos sociocomunitarios básicos.

Ante a grave e precaria situación da vivenda: falta das necesarias condicións de habitabilidade e ameaza de desafiuzamento dende o Departamento de Servizos Sociais ofreceuse á interesada en varias ocasións buscar algún recurso de aloxamento alternativo, onde contara coas súas necesidades básicas cubertas e dende o que poder reiniciar un proxecto de vida, tanto ela como a súa filia, cunha maior estabilidade. Esta opción sempre foi rexeitada pola interesada.

Fai un par de anos, a filla, cando aínda era menor, tras un problema de saúde importante, no momento da alta hospitalaria, pasou un período de convalecencia, aproximadamente 15 días, [REDACTED], na Coruña.

Tamén, unha vez que se contou coa documentación que acreditaba a ameaza de desafiuzamento e a interesada asinou a documentación, solicitouse ante o IGVS da Xunta de Galicia unha vivencia no programa de realoxo dirixido a persoas por procedemento de execucións hipotecarias, solicitude que se atopa en trámite.

Neste punto hai que sinalar que a interesada manifestou sempre nas entrevistas o seu desexo e vontade de que a vivenda á que puidera ter acceso fose no Concello da Coruña e non no de Oleiros, manifesta que desexa reiniciar a súa vida noutra localidade e que nos lugares que hai en Oleiros non podería polo seu pasado e vivencias neste concello. As súas relacións cos Servizos Sociais do Concello de Oleiros non son as axeitadas neste tipo de procesos de inclusión, existindo unha desconfianza da interesada cara ao equipo técnico que dificultan o traballo e as accións para prestar o apoio necesario e poder acadar o obxectivo.

- DATOS DE SAÚDE

A interesada ten diagnosticado [REDACTED] e [REDACTED] [REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Foi operada recentemente [REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED].

Nos días previos á súa alta tratouse conxuntamente co Servizo de Traballo Social do CHUAC buscar unha solución de aloxamento no momento da alta. Dende o Concello de Oleiros propúxose que fora derivada a un recurso sociosanitario do propio SERGAS en Pontevedra para casos en situacións similares (pola experiencia destes servizos sociais noutros casos) pero foi desestimado xa que non se valoraba dende o CHUAC que fose o recurso axeitado.

A día de hoxe a interesada manifesta que está acollida temporalmente en casa duns amigos aínda que se descoñece a ubicación exacta xa que non o quixo comunicar.

-VALORACIÓN PROFESIONAL.

Valórase que a necesidade mais urxente e necesaria cubrir nestes momentos e o dunha vivenda, accesible e que reúna as necesarias condicións de habitabilidade, dende o que a interesada poida recuperarse a nivel sanitario, tanto física como emocionalmente, e dende o que iniciar un novo proxecto de vida tendo cubertas as súas necesidades mais básicas e elementais.

Valórase que neste caso o acceso urxente e inmediato a unha vivenda digna é o eixe fundamental sobre o que debe apoiarse o seu proxecto de inserción, polo que solicítase á Institución do Valedor do Pobo a que active o convenio de colaboración que ten asinado co IGVS para estes casos que permita e facilite o acceso á interesada a unha vivenda nunha localidade, de ser posible na Coruña como desexaría, na que poida reiniciar un novo proxecto de vida.”

Agradézolle unha vez mais a súa colaboración.

Saúdao atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo

[REDACTED]

Expediente: U.8.Q/21547/17

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Estimada Sra. Pantín:

Nesta institución, como se lle comunicou no seu momento, iniciouse o expediente de queixa arriba referenciado como consecuencia de ter coñecemento, da situación na que se atopaba Vde., inmersa en procedemento de execución hipotecaria da vivenda que constitúe a súa residencia habitual e en período de convalecencia logo dunha intervención cirúrxica.

Así, a fin de brindarlle protección, e co obxectivo de procurarlle unha solución, promovemos a oportuna investigación sumaria e informal, para o esclarecemento dos supostos en que se basea.

Como coñece, solicitamos colaboración do Concello de Oleiros e do Instituto Galego de Vivenda e Solo (I.G.V.S.), organismo co que esta institución ten asinado un acordo de colaboración para casos de desafuzamentos de vivenda.

Neste orde de cousas, toda vez que en sucesivas conversas telefónicas, refire que aínda non coñece a data certa en que se vai a producir o desafuzamento, e que temos coñecemento de que o I.G.V.S lle adxudicou, logo da súa solicitude formulada o pasado 18 de abril, unha vivenda de protección oficial de promoción pública en réxime de ocupación temporal; cómpre indicarlle, que en caso de que precise orientación algunha na súa problemática de vivenda, podería dirixirse ao departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros, do que lle indicamos o número de teléfono (981 61 00 00), por si desexara concertar unha cita coa traballadora social de referencia de precisar Vde., ao seu criterio, ese asesoramento.

Agradézolle a confianza que nos demostra.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo